



ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Ferros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



José González Olivares

Cirurxián con numerosas técnicas orixinais e protagonista na introdución dos anestésicos

Nacemento: Oviedo (Asturias) 1802. Falecemento:

Descoñecida

Autor/a da biografía: Sisto Edreira, Rafael

Data de alta: 08/12/2012

Ámbitos de ocupación: Medicina / Anestesia /

Iniciou os seus estudos en Oviedo, universidade na que obtivo o grao de bacharel en Filosofía no ano 1823. No curso seguinte marcha a Madrid para iniciar a carreira de Medicina no Colegion de Medicina y Cirugía de San Carlos, onde se licencia en 1830 con sobresaínte en todas as materias e a distinción compartida de alumno máis sobresaínte. Despois de opoñer á praza de profesor axudante interino, en 1833 consegue a praza de director de Baños Minerales en Tiermas (Aragón), que desempeña ata a súa chegada a Santiago. O seu investimento como doutor en Medicina e Cirurxía ten lugar en febreiro de 1846.

No ano 1839, xa en Santiago, o Claustro da Universidade noméao disector anatómico, cargo que compartirá dende o ano seguinte co de substituto de 2º ano de Cirurxía. O reordenamento académico dos estudos de medicina propiciará que en novembro de 1843 tome posesión como catedrático do Colexio de Prácticos de Curar da cidade de Santiago, manténdose neste posto ata que en 1845 obtén praza de catedrático na Universidade de Valencia. Sen embargo non chega a trasladarse xa que inmediatamente permuta a praza pola de Patoloxía cirúrxica de Santiago, pasando ao ano seguinte a ocuparse da cátedra de Obstetricia e Males propios dos nenos e do sexo feminino, que troca en 1853 pola de Clínica cirúrxica. En 1858 trasladarase á cátedra de Clínica cirúrxica de Valladolid, rematando así case que vinte anos de docencia ininterrompida en Santiago. Xa en 1873 será nomeado catedrático de Obstetricia en Madrid, cesando en 1880 por xubilación.

Gran cirurxián, xa naquel tempo fixo amputacións de mama con baleirado ganglionar da axila, técnica que tardaría aínda moitos anos en sistematizarse como práctica cotián. Nunha memoria lida na Academia de Emulación de Santiago (González Olivares, 1848b) relata tamén o desenvolvemento e consecuencias dunha operación de decollación de fémur seguindo o método de Dupuitrén, práctica sobre a que existían referencias moi escasas nas publicacións médicas internacionais.

Outro dos campos cirúrxicos nos que destacou foron as autoplastias, para as que creou técnicas orixinais. F. Carril dá conta de dúas operacións sobre carcinomas estendidos por grande parte da cara, nas que Olivares aplica un método propio para levar tegumentos a puntos moi distantes, marchando de colgallo en colgallo ata onde se atopen os necesarios para suplir os eliminados ou alterados polo mal. No ano seguinte aparece un artigo sobre a rinoplastia (González Olivares, 1849b) no que, despois de expor os inconvenientes dos diversos métodos existentes, sinala as condicións que debe cumprir un bo método e detalla a técnica cirúrxica que el ten experimentado con éxito, diferenciando os casos de ablación total e parcial. Non tarda en publicar o seu novo procedemento de cheylo-plastia (González Olivares, 1850d) e, anos máis tarde, outro artigo sobre novas prácticas “De la autoplastia quirúrgica en general y de la Cheiloplastia en particular” (González Olivares, 1856a).

Escribano cita outra das técnicas cirúrxicas orixinais ensaiadas por Olivares, a talla hipogástrica transversal, que foi recollida no Tratado de Anatomía médico-cirúrxica de Petrequin. Tamén comenta, referíndose as autoplastias, os orixinais procedementos que usa, «que llaman algunos “en solapa”». Como exemplo da súa actividade poden recollese os datos das Memorias de las Clínicas referidos ao curso 1852-53, no que Olivares realizou 17 queiloplastias de beizo inferior, 4 blefaroplastias de pálpebra inferior e 12 mastectomías, para un total de 91 operacións.

Durante a súa permanencia en Santiago Olivares traballou incansablemente no tema da introdución dos anestésicos. O éter, usado por primeira vez como anestésico en outubro de 1846 e aplicado en España por Argumosa en xaneiro do ano seguinte, xeneralízase na práctica cirúrxica no segundo trimestre. O artigo publicado en xullo por Olivares baixo o título “La eterización en España” (González Olivares, 1847), é a primeira valoración crítica da anestesia etérea baseada na casuística propia. Trátase dunha análise sistemática de 14 casos representativos dos que saca conclusións ambivalentes, xa que se ben lle parece útil nas operacións curtas ou de tecidos pouco importantes, ao igual que nos casos de fracturas, no resto dos casos parécelle pouco eficaz, dubidando se pode deberse ao aparato de eterización empregado. A finais do ano 1847 tiña utilizado o éter como anestésico en 26 ocasións.

Tras coñecerse en España a introdución por James Young Simpson do uso do cloroformo na anestesia xeral por inhalación, realizada en novembro de 1847, o 19 do seguinte mes Olivares asiste cos profesores Laorden e Guarnerio ao experimento de cloroformización dun can e de si mesmo, que o catedrático de Química Antonio Casares realiza no laboratorio da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago (Casares, 1848). Ao día seguinte, Olivares e Guarnerio efectúan os seus primeiros ensaios clínicos co cloroformo, que xunto cos de Mendoza en Barcelona (Mendoza, 1848), realizados ese mesmo día, foron os primeiros realizados no Estado Español.

O 2 de Xaneiro de 1849 aparece publicado, xunto cun artigo de Casares, unha nota previa sobre o experimento presenciado e os dous primeiros casos operados por Olivares baixo anestesia xeral con cloroformo, unha extirpación de mama con baleirado gangliolar da axila e unha amputación de pene (González Olivares, 1848d). Como conclusión expón que tralas decepcionantes experiencias co éter sobre vinte seis enfermos “en ninguno conseguí, despues de molestarlos muchísimo, lo que he conseguido con el cloroformo: por este medio se llega indudablemente a alcanzar lo que despues de siglos se buscó con empeño”. Anos máis tarde, e tras algunhas complicacións, mudaría parcialmente de idea publicando artigos como “Una víctima más por el cloroformo” (González Olivares, 1856c). Na nota previa citada fai referencia a outra emasculación efectuada ese mesmo día 20 por Guarnerio, pero que xa aparecera publicada (Guarnerio, 1847).

Tamén en decembro de 1847 aparece o primeiro informe da operación de Mendoza na revista barcelonesa *La Abeja Médica*, baixo o epígrafe “Acerca del cloroforme”, que serían as dúas primeiras publicacións de cirurxiáns españois sobre a anestesia con cloroformo.

Ademais dos xa citados, publicou numerosos artigos en importantes revistas profesionais madrileñas como o *Boletín de Medicina, Cirugía y Farmacia*, a *Gaceta Médica* ou *La Verdad*. Outras publicacións que recolleron os seus traballos foron o *Telégrafo Médico* de Barcelona, a *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago* e a *Revista de Ciencias Médicas*, as dúas de Santiago.

Foi un dos máis dinámicos membros dun importante grupo científico que coincidiu en Santiago a mediados do pasado século e que destacou, en conxunto, polas súas investigacións e prácticas vangardistas en temas como o dos anestésicos, e por unha animada vida interna de discusión científica no seo da Academia de Emulación de Santiago. Fomentou as prácticas directas dos alumnos sobre cadáveres e nas sesións da Academia ten exposto os resultados negativos dalgunha das súas actuacións médicas, como na titulada "La decollación de fémur", na que relata polo miúdo toda a súa actuación na operación con resultado de morte, aclarando: “ya que los sucesos desgraciados proporcionan tal vez más instrucción, ventajas más positivas”.

Bibliografía:

Fontes documentais:

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, Serie Expedientes pessoais, Cartafol 576.

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, Libros copiadore de nóminas, A-240, A-241, A-253, A-363.

Fontes impresas:

González Olivares, J. (1847): La eterización en España, *Boletín de Medicina, Cirugía y Farmacia*, 3ª Serie, 2: 235-237, 243-244.

González Olivares, J. (1848a): El mérito en cirugía consiste mas en establecer bien las indicaciones, y en la exacta aplicación de los tópicos que sirven para las curaciones, que el manual operativo, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 2: 24-30; 3: 33-38; 5: 77-80; 8: 155-157.

González Olivares, J. (1848b): La decollación del femur [Memoria leída en la Academia de Emulación], *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 4: 53-61.

González Olivares, J. (1848c): La gangrena espontánea [Memoria leída en la Academia de Emulación], *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 6: 112-116; 7: 125-130.

González Olivares, J. (1848d): Inhalaciones del cloroformo, *Boletín de Medicina, Cirugía y Farmacia*, 3ª Serie, 3: 6.

González Olivares, J. (1849a): Inflamación crónica del útero terminada por gangrena, éxito feliz, quedando algún flujo blanco, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 21: 455-459.

González Olivares, J. (1849b): Rinoplastia. Nuevo procedimiento que asegura y facilita esta operación, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 23: 511-514.

González Olivares, J. (1850a): Más sobre el hidrocele, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 46: 189-194.

González Olivares, J. (1850b): Rhino-rafia despues de la ablación total de la nariz por la mordedura de un perro, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 52: 289-292.

González Olivares, J. (1850c): Fungus hematodes situado sobre el ojo izquierdo, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, 53: 305-308.

González Olivares, J. (1850d): Nuevo procedimiento de Cheylo-plastia, *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*: 60: 355-358, 61: 371-375.

González Olivares, J. (1856a): De la autoplastia quirúrgica en general y de la Cheiloplastia en particular, *Revista de Ciencias Médicas*, 1: 25-34, 2: 52-59.

González Olivares, J. (1856b): Nuevo procedimiento operatorio en la Trichiasis Distichiasis y Entropion, *Revista de Ciencias Médicas*, 3: 79-84.

González Olivares, J. (1856c): Una víctima más por el cloroformo, *Revista de Ciencias Médicas*, 4: 121-128.

González Olivares, J. (1856d): De las fístulas del ano, *Revista de Ciencias Médicas*, 6: 180-181.

González Olivares, J. (1856e): Pólipos de las fosas nasales, *Revista de Ciencias Médicas*, 8: 234-247; 9: 260-268.

Bibliografía secundaria:

Anónimo (1847): Acerca del cloroformo, *La Abeja Médica*, 1: 331-335. Barcelona.

Anónimo (1854): *González Olivares. Memorias de las Clínicas, curso 1852-53*, Madrid: Imp. del Ministerio de Gracia y Justicia.

CASARES, Antonio (1848): Preparación del cloroformo, *Gaceta Médica*, 109: 3-4.

F. CARRIL, Antonio (1848): Dos observaciones de auto-plastia, *Revista Médica*, 10: 207-210.

FRANC, A.; ÁLVAREZ, J.; CORTÉS, J. (2005): *Historia de la Anestesia en España. 1847-1940*, Madrid: Arán Ediciones SL.

ESCRIBANO Y GARCÍA, Víctor (1916): *Datos para la Historia de la Anatomía y Cirugía Españolas en los siglos XVIII y XIX*, Granada: Tip. Guevara.

GUARNERIO GÓMEZ, V. (1847): "Ensayos sobre el cloroformo", *Gaceta Médica*, 3: 282.

LANCINA, J. A. (2005): José González Olivares : profesor de cirugía en Santiago, introductor en España de la talla hipogástrica en el año 1847, *Notas históricas de la Urología en Galicia*, Sociedad Gallega de Urología; pp.: 39-59.

MENDOZA RUEDA, Antonio (1848): Sarcoma: amputación del muslo: inspiración del cloroformo, *La Abeja Médica*, 2:11-12.

Como citar esta páxina:

Sisto Edreira, Rafael ([2012], "José González Olivares", en *Álbum da Ciencia*. *Culturagalega.org*. Consello da Cultura Galega. [lectura: 10/12/2022] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=383>]

Máis información e materiais complementarios en

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=383>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202